

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
AO ALUMNADO DO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PONTEVEDRA EN
PONTEVEDRA

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, o presidente da Deputación provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez, actuando no nome e representación da institución provincial, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

I. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de xestión, control e coordinación do servizo de comedor escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, e as exerce coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao ensino de todos os escolares galegos, segundo prevé o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.



A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como os comedores escolares.

II. O Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG número 154, do 13 de agosto) regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

A referida norma contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

Así mesmo, no seu artigo 2º.1. d) recolle a posibilidade de que os comedores escolares poidan ser xestionados por Administracións Públicas distintas da Xunta de Galicia, responsables da contratación e xestión integral do servizo, mediante a subscripción de convenios de colaboración para tal efecto.

Neste sentido, é de resaltar o carácter de desinteresada colaboración interadministrativa, por canto que, se pretende acadar o dito obxectivo á vez que se rendabilizan os equipamentos públicos existentes nun mesmo complexo, sen existencia de ánimo de lucro en ningunha das entidades que pretenden a subscripción deste convenio.

III. Os medios materiais e persoais dos que dispón a Deputación provincial de Pontevedra na cidade infantil Príncipe Felipe, permite utilizar as súas instalacións para proporcionar o servizo de comedor escolar ao alumnado do CEE Pontevedra que determine a Administración educativa e que precisen recibir este servizo por mor da distancia existente entre o centro escolar e os seus respectivos domicilios.



Ambas as partes son conscientes da importancia educativa e social de achegar o servizo de comedor escolar ao alumnado que non dispoña deste servizo nos seus centros.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación provincial de Pontevedra acordan a sinatura deste convenio, con suxeición ás seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio a mutua colaboración co fin de posibilitar ao alumnado do CEE Pontevedra, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en adiante consellería), a utilización do servizo de comedor escolar nas instalacións da cidade infantil Príncipe Felipe, dependente da Deputación provincial de Pontevedra (en adiante deputación).

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Así mesmo, concorren no CEE Pontevedra, dependente da consellería e na cidade infantil Príncipe Felipe, dependente da deputación, ambos sitios no mesmo espazo físico da cidade de Pontevedra, unha problemática singular, non extrapolable a outros centros públicos galegos, circunstancia que determina o específico tratamento articulado mediante este convenio a asinar entre as dúas administracións públicas. Por outra banda, esta proposta está contemplada na



planificación anual efectuada pola Secretaría Xeral Técnica, e cumpre todos os criterios obxectivos para a súa concesión.

Segunda.- Compromisos da deputación

1. A deputación comprométese a proporcionar, nas instalacións de comedor existentes na cidade infantil Príncipe Felipe, o servizo de comedor escolar ao alumnado do CEE Pontevedra.
2. A deputación asume o financiamento do custo do servizo de comedor escolar en todo o que exceda da achega da consellería, sen que, en ningún caso, a asunción destas obrigas afecte ao cumprimento da lexislación actual de estabilidade orzamentaria.
3. A Deputación comprométese a cumprir co seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Terceira.- Financiamento e pagamento

A consellería comprométese a contribuír financeiramente cunha achega económica similar ao libramento de bolsas de comedor de secundaria co fin de cubrir as necesidades de comedor dun número máximo de 40 comensais, alumnado do CEE Pontevedra, que, pola súa condición de transportados, requiren da utilización do servizo para cumprir coas súas obrigas lectivas, así como os seus coidadores e persoal docente de apoio, no seu caso.

A dita achega determinarase como resultado de multiplicar 3,36 € polo número de días de prestación efectiva de comedor e polo número real de alumnado usuario do servizo neses días.

A consellería comprométese a colaborar coa deputación mediante unha achega económica de 23.923,20 € que se financiará con cargo á partida orzamentaria



07.01.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 e 2027, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2026: 9.542,40 €

Ano 2027: 14.380,80 €

O abono das citadas bolsas de comedor escolar efectuarase trimestralmente, unha vez emitido o correspondente certificado polo Servizo de Apoio aos Servizos Educativos do Departamento Territorial de Pontevedra, co visto e praxe do director territorial, e en base ao informe previo emitido pola dirección do CEE Pontevedra, en concordancia co do responsable da cidade infantil Príncipe Felipe da Deputación provincial de Pontevedra, no que consten o número de menús servidos durante tal período de tempo aos comensais beneficiarios do servizo.

O persoal coidador e, no seu caso, docente do CEE Pontevedra, que desenvolva tarefas de colaboración e asistencia no comedor escolar da cidade infantil Príncipe Felipe, estará sometido ás mesmas previsións xerais establecidas para o persoal dos centros educativos da consellería que interveña nos comedores xestionados por esta. A consellería dotará ao servizo de comedor de persoal coidador suficiente e nomeará a un docente que representará á consellería no relativo ao funcionamento do comedor e á garda e custodia do alumnado.

De conformidade co previsto na disposición adicional segunda da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 en relación co artigo 57 bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, sobre garantía de pagamento, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en garantía do pago dos compromisos asumidos neste convenio, autoriza á Administración Xeral do Estado a aplicar retencións nas transferencias que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia no seu sistema de financiamento, no caso de falta de pagamento por parte da consellería por causa imputable á mesma.



A Deputación provincial de Pontevedra poderá, a partir dos tres meses seguintes á expedición de cada certificación trimestral emitida polo xefe do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos do Departamento Territorial de Pontevedra, co visto e prace do director territorial, referida no parágrafo cuarto desta mesma cláusula, presentar reclamación no caso de incumprimento total ou parcial do pagamento correspondente por parte da consellería, podendo así mesmo comunicar á Administración Xeral do Estado o dito incumprimento a partir do cuarto mes.

Cuarta.- Variacións de altas e baixas de persoas usuarias durante a vixencia do convenio

As necesidades de comedor escolar do alumnado con discapacidade resultan de difícil previsión, dado que con carácter xeral a súa maior sensibilidade a problemas de saúde ocasiona situacións de absentismo escolar e cambios na escolarización elevados. Por esta causa, os cambios que durante a vixencia deste convenio se sucedan no número e identidade das persoas usuarias do comedor escolar serán tratados como meros supostos de redistribución do alumnado comensal, sempre e cando os importes económicos derivados destas fluctuacións sexan susceptibles de seren compensados dentro da achega máxima establecida na cláusula terceira.

Quinta.- Condutas contrarias ás normas de convivencia do comedor escolar e medidas correctoras

De producirse condutas contrarias ás normas de convivencia imperantes no comedor escolar da cidade infantil Príncipe Felipe, a cargo de comensais escolarizados no CEE Pontevedra, corresponderalle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a adopción de medidas educativas correctoras que garantan eficazmente o restablecemento das mencionadas normas de convivencia esixidas.

Sexta.- Comisión de seguimento



Para o seguimento do convenio e da súa execución constituirase unha Comisión de seguimento, presidida pola persoa titular do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos do Departamento Territorial de Pontevedra (ou persoa en quen delegue) e formada por dúas persoas representantes da Deputación provincial de Pontevedra e outra máis do Departamento Territorial en Pontevedra da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A Comisión de seguimento resolverá as dúbidas e as discrepancias que xurdan na aplicación deste convenio.

A Comisión rexerase polo establecido na presente cláusula e na Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público en relación cos órganos colegiados.

Sétima.- Inexistencia relación laboral

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outras administracións ou entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das administracións públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.



Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio e non puidesen ser solucionadas no seo da Comisión de seguimento do convenio, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Modificación do convenio e causas de resolución

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico este convenio poderá ser obxecto de modificacións cando as mesmas teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio

Décima.- Garantía en relación á protección xurídica do menor



Ao obxecto de garantir o cumprimento do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, a consellería e a deputación comprométense a dar debido cumprimento ao mandato legal, no sentido de esixir a todo o seu persoal contratado en contacto con menores a oportuna acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a consellería publicará o texto íntegro do convenio.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mailo resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto, de acordo co artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo, se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei



orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes, unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décimo terceira.- Vixencia

Este convenio estará vixente durante o curso escolar 2026-2027, agás no suposto de que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

Non obstante, poderase prorrogar por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio. En todo caso a duración máxima das prórrogas que se acorden será de catro anos desde que se acorde a primeira prórroga, de acordo co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Estando conformes co estipulado, asínase este convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
(P.D. Orde do 05.06.2024)
O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

O presidente da Deputación
provincial de Pontevedra

Luis López Diéguez

